

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, POR  
MEDIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA, E O CONCELLO DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA SÚA  
CONDICIÓN DE CAPITAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

---

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

**REÚNENSE**


Dunha parte, don Valeriano Martínez García, conselleiro de Facenda, actuando en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Martiño Noriega Sánchez, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle atribúe a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes intervinientes recoñécense capacidade para subscribir o presente convenio polo que:

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Á Consellería de Facenda correspóndelle o exercicio das competencias en materia de facenda que se atribúen á Comunidade autónoma galega no artigo 30 e no Título IV do Estatuto de Autonomía de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.



**Segundo.-** O Concello de Santiago de Compostela ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e réxese polo disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, na Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e demais normativa de aplicación.

Correspóndelle ao Concello o exercicio das competencias establecidas nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, nos termos da normativa estatal que resulta de aplicación.

**Terceiro.-** O 24 de xullo de 2002 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, cuxo obxecto é regular o estatuto especial da cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 89.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

O artigo 28 da Lei 4/2002 establece unha previsión de financiamento nos orzamentos da Comunidade autónoma en atención, precisamente, á necesidade de que o Concello estableza unha serie de servizos derivados da capitalidade e da súa condición de sede das institucións autonómicas.

**Cuarto.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer as fórmulas de colaboración a través do presente convenio.

En virtude do exposto, acordan asinar un convenio de colaboración segundo as seguintes



## CLÁUSULAS

**Primeira.-** A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, estableceu nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2017, unha dotación específica para o Concello de Santiago de Compostela, por un importe de 2.325.000 €, no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da Capitalidade.

**Segunda.-** A achega da Consellería de Facenda, mediante unha transferencia de financiamento a favor do Concello de Santiago de Compostela, farase con cargo á aplicación orzamentaria 23.01.811C.460.0 dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, por un importe de 2.325.000 €. O pagamento realizarase de xeito fraccionado. O primeiro libramento deberá realizarse con anterioridade ao 17 de xullo, o segundo antes do 30 de setembro e o último antes do día 15 de decembro de 2017.

**Terceira.-** A xustificación dos libramentos que deberá presentar o Concello de Santiago de Compostela, realizarase do seguinte xeito:

As xustificacións correspondentes ao primeiro e ao segundo libramento, que supoñen cadansúa terceira parte da achega, deberán realizarse unha vez recibida a transferencia e con anterioridade a que se efectúe o seguinte libramento. O último libramento realizarase logo de ter presentada a correspondente xustificación do anterior. A xustificación correspondente ao último pagamento deberá realizarse antes de que finalice o actual exercicio económico.

A xustificación do financiamento consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago de Compostela, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade autónoma, de que os citados importes se derivan do establecido no marco



da Lei 4/2002, de 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela e de que estes foron destinados ao financiamento dos gastos do Concello xurdidos como consecuencia da circunstancia de ser a capital de Galicia.

**Cuarta.-** O Concello de Santiago de Compostela asume a obriga de someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Facenda, así como calquera actuación de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios e, en especial, ao control por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións descritas.

**Quinta.-** A subscrición do presente convenio non xerará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e a Xunta de Galicia, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu exercicio.

**Sexta.-** As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

**Sétima.-** O órgano encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do presente convenio será o Consello da Capitalidade como órgano colexiado de carácter permanente, creado pola Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela e que se constituíu formalmente o 19 de febreiro de 2003.





**Oitava.-** O convenio de colaboración que se subscribe ten natureza administrativa, polo que esta sometido á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa aplicable. Correspóndelle á xurisdición contencioso- administrativa o coñecemento dos litixios que del se poidan derivar.

**Novena.-** Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e conforme co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio e mailo resto das especificacións que contén, sexan publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

**Décima.-** A vixencia deste convenio estenderase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan dous exemplares do presente documento, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia,

Polo Concello de Santiago de Compostela

O conselleiro de Facenda

O alcalde-presidente

Valeriano Martínez García

Martino Noriega Sánchez